

DEBERES DE INGLÉS DE 2º DE PRIMARIA (SEMANA DO 25-29 MAIO - 3º TRIMESTRE):

Bos días,

Estas son as tarefas de Inglés para esta semana:

1.- Entrar na Unidade 5 do Class book en Blink Learning e facer os exercicios orais da páx. 53 (repetindo esas frases e copiando as palabras do ex. 1 debaixo de cada foto: "happy, hat, hello, hot". Poden volver ver o conto no enlace: [My house is too small!](#) e tamén poden facer un repaso das partes da casa no seguinte enlace: [Parts of the house](#). Enviádeme foto desa páx. do Class.

2.- Facer a páx. 32 do Activity Book. Na 1ª parte do ex. 1 deben ler e debuxar os animais das frases na parte da casa onde se di que están en cada oración e poden colorear os animais dentro da casa para que se vexa mellor onde está cada un. Na 2ª parte do ex. 1 é ao contrario os animais xa están debuxados nas distintas partes da casa e as frases medio feitas e só deben completar as oracións coa palabra que falte (pode ser o nome dun animal ou dunha parte da casa). No ex. 2 temos o mesmo tipo de exercicio pero libre desta vez. Van debuxar e colorear os 4 animais que desexen e onde os queiran poñer pero logo deben facer as 4 oracións dicindo onde está cada animal seguindo os modelos dos 2 ex. anteriores, así: The (animal) is in the (a parte da casa). Enviádeme foto desa páx. do Activity.

3.- Facer as páxs. 10 e 11 do Skills book. Enviádeme as fotos desas 2 páxs. tamén ao meu correo para corrixilas (mirade que o lapis estea moderadamente afiado e que lle calquen ben para que se poida ver e ler ben). Quería tamén pedirvos que por favor mandedes as fotos de fronte (ao dereito, non deitadas) e co libro apoiado nunha mesa para que estea plano, senón ao quedar dobrado non se leen ben os laterais das follas ou quedan as fotos cortadas. Favor mandalas todas xuntas cando acabedes o traballo da semana nun só correo .

Déixovos á man o enlace aos vídeos co vocabulario xenérico de uso diario para os alumnos aos que lles gusta miralos de vez en cando. O enlace é:

https://docs.google.com/document/d/11EmBad79-nnRrjyYWSwuGv_AIML8Cqv_3iGHVI6dMPQ/edit

Recordade que este é o traballo de Inglés que se recomenda para toda a semana pero que ten un carácter flexible, polo que non se aconsella facelo todo xunto, podedes distribuílo en varios tempos segundo as vosas posibilidades e horarios. A miña recomendación sería facer o 1º día (por exemplo, o martes) todo o punto Nº 1 e o punto Nº 3; e o 2º día (por exemplo, o xoves) o punto Nº 2. Se tedes calquera pregunta con respecto aos deberes de Inglés ou dificultade á hora de traballar co material contactade comigo. Recórdovos o meu correo marinaepf20@gmail.com para calquera dúbida que vos poida xurdir.

Ánimo que xa queda menos.

Unha aperta.

Marina.